



MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EGAP E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

1. Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o órgano da administración autonómica que ten atribuídas as funcións de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

Para o exercicio das ditas funcións, existe persoal docente que, logo de participar en convocatoria publica para o efecto, presta servizos como asesor/a na administración xeral da Comunidade Autónoma, o que inclúe servizos de carácter administrativo.

Terceiro. De xeito sistemático, os Plans de formación do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia non inclúen a formación dirixida ao persoal docente dependente desta Consellería, xa que a propia Consellería conta cun departamento propio que xestiona os plans anuais de formación do profesorado, específico e adaptado as necesidades do persoal docente e as cuestións máis importantes que presentan os centros educativos.

Se ben as funcións deste persoal docente que participa nestas convocatorias son na súa maioría centradas no asesoramento, o feito de prestar os seus servizos temporalmente na administración xeral da Comunidade Autónoma ten como consecuencia que para desenvolver o seu labor correctamente deben utilizar as ferramentas administrativas adecuadas e axustarse ao procedemento administrativo común.

Deste xeito, prodúcense situacións cotiás nas que o dito persoal debe utilizar ferramentas como Portasinaturas, Rexel, Notific@, etc, pero non pode asistir á formación organizada pola Escola Galega de Administración Pública relativa ás ditas ferramentas.

Así mesmo, o dito persoal debe axustar a súa actuación á normativa existente relativa ao procedemento administrativo común, a contratación pública, a seguridade da información, a protección de datos de carácter persoal, etc, e non conta coa posibilidade de formarse especificamente sobre os ditos temas dende un enfoque práctico orientado á xestión administrativa.





2. Obxecto

O convenio ten por obxecto a participación nas actividades da EGAP do persoal docente dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que presta servizos como asesor/a na administración xeral da Comunidade Autónoma; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e de organización de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

3. Finalidade

O instrumento convencional que se asina ten por obxecto a realización das seguintes actuacións:

a) A participación nas actividades da EGAP do persoal docente dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que presta servizos como asesor/a na administración xeral da Comunidade Autónoma. A EGAP poderá solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a comprobación dos datos relativos ás ditas persoas solicitantes das accións formativas que deban ser tidos en conta para a selección do persoal que poderá acceder a cada acción formativa concreta segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7 do 10 de xaneiro de 2008).

b. Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.

4. Impacto económico

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP nin da Consellería, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2019.

5. Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

6. Vixencia

Para os efectos sinalados, formalízase coa EGAP o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2019, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinada dixitalmente en Santiago de Compostela
O secretario xeral técnico
Jesús Oitavén Barcala

